



XURADO NOVO | CINEUROPA37

Aberto o prazo de inscrición para participar no proceso de selección de integrantes do Xurado Novo do CINEUROPA37, que se celebrará do 9 ao 25 de novembro de 2023 en Santiago de Compostela.

Para formar parte del, cómpre ter entre 18 e 25 anos e dispoñibilidade para ver durante o festival a selección de filmes que serán sometidos a avaliación (arredor de 20). Non poderán participar nesta convocatoria aquelas persoas que xa formaran parte dalgún dos Xurados Novos de Compostela Cultura.

O xurado comporá un palmarés que se fará público na derradeira xornada do CINEUROPA37 e que incluírá as seguintes categorías:

- Mellor Película
- Mellor Dirección
- Mellor Guión
- Mellor Interpretación Feminina
- Mellor Interpretación Masculina

As persoas integrantes do xurado terán acceso libre a todas as sesións previa retirada de invitación, sempre e cando a capacidade das salas o permita.

Inscrición

As persoas interesadas en participar deberán encher o formulario [dispoñible en liña](#), no que se lles pedirá dar resposta ás seguintes cuestións:

Enderezo de correo electrónico

Nome e apelidos

Teléfono

Data de nacemento

Foto con boa resolución

1. Explícanos quen es en 140 palabras
2. Nomea dúas directoras e dous directores da túa preferencia
3. Indica os teus cinco filmes preferidos
4. Cal foi a última película que viches en Cineuropa? E noutras salas?
5. A cantas sesións asistiches o ano pasado en Cineuropa?
6. Que filme che gustaría ver nesta edición do festival?
7. A quen lle darías o Premio Cineuropa?
8. Que outros festivais de cinema coñeces en Compostela?
9. Con que frecuencia vas ao cinema?
10. Por que queres formar parte do xurado?

Prazo límite para o envío do formulario: 24 de outubro

COMPOSTELA CULTURA

CINEUROPA

981 552 290

comunicacion@cineuropa.gal

compostelacultura.gal / cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL